

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

- DHOGS -

Guión orixinal de Andrés Goteira

- Rexistrado baixo Safecreative -
Reg. 1306195296136
www.safecreative.org

Dep. Legal: B-6562-2013

Produto creado por Acanea Impulsión S.C.



Revisión e arranxos
SUSO LÓPEZ
ADRI FOLGUEIRA

Corrección
XOSE SALGADO

Ilustracións
TANIA GONZÁLEZ

Viñetas
IVÁN LÓPEZ

Deseño da cuberta
ANDRÉS GOTEIRA

GaitaFILMES
quenvai@gaitafilmes.com

- DHOGS -

www.dhogsfilme.com

Limiar

<i>Prólogo</i>	6
<i>Taxi</i>	9
<i>Os que tiñan que quedarse calvos</i>	15
<i>Whisky</i>	27
<i>Os cans non tedes inferno</i>	47
<i>Días de Morgan</i>	64
<i>DHOGS (Epílogo)</i>	71

*Este é un simple guión orixinal,
unha primeira e básica guía de traballo.*

...

*Todos os diálogos están voluntariamente escritos en galego non
normativo. Están redactados no noso galego, aquel que mamamos
dende nenos.*

Un público inexpresivo atópase comodamente sentado nas butacas dun gran teatro, está escuro e non se deixa ver moito máis que case nada.

Nalgún bar dunha cidade calquera, unha fermosa muller mantén un cigarro fumeante na man, cun montón de cinsa a punto de caer. Todo semella estar nun estado de pausa, respira e pestanexa levemente pero nada máis sucede. Enriba da barra pódese ver un vaso de bo whisky acompañado de dúas pedras de xeo.

Nese mesmo bar un camareiro mantén unha disposición similar. Está a carón dos tiradores de cervexa. Respira tranquilo e os ollos pestanexan a ritmo pausado.

Nada máis sucede polo de agora.

"PRÓLOGO"

1. RÚA DUN BARRIO RESIDENCIAL. DÍA.

(plano secuencia)

(soa *Largo al Factotum* de Victoria de los Ángeles)

Un NENO burgués duns 12 anos camiña decidido pola rúa dun barrio acomodado. Coa boca imita como boamente pode o cantar que se escoita. Imos tras del. Leva o andar propio dun neno de 12 anos e no lombo monta unha mochila cargada de cultura escolar para nenos de 12 anos.

De fondo escóitanse berros, conversacións alteradas. A uns 50 metros dous coches sitúanse cruzados na estrada, cortándoa case por completo. As portas dianteiras están abertas de par en par e os motores roxen a ralentí. Son dous deportivos de vivos colores que non deixan de chamar a atención.

Diante de tal escenario xorde unha pelexa de barrio. Dous homes de gran físico non parecen estar de todo de acordo. O GORDO DE CAMISETA DE TIRANTES move unha navalla intranquilo e o HOME DO ANTEFACE NEGRO parece que se basta coas artes marciais para se defender.

Detrás dun dos coches, unha ATRACTIVA LATINA agóchase temerosa. Non viste máis que un bikini e gafas de sol. Semella ser a compañeira do gordo e lonxe de calmar os ánimos arenga ó seu acompañante para que lle meta unha boa malleira “a ese friki hijo de la gran chingada”.

Curiosamente, o neno non se amosa para nada alterado por tal situación. Pasa de longo sen prestar atención á liorta e xira á dereita para acabar entrando nunha fermosa casa dun barrio residencial. A porta está aberta.

NENO:

(berrando)

Mamiiiiii, chegueeei!!

2. CASA DUNHA FAMILIA ACOMODADA. DÍA.

A NAI contesta dende un lugar indeterminado da vivenda mentres el continúa a camiñar, xa polo interior.

NAI:

Ola cariño! Chegas cedo hoxe.

(o neno camiña por un corredor)

Espera! Tés que comer algo antes...

(o neno cambia de rumbo repentinamente)

Tes a merenda lista enriba da mesa.

(tras un silencio)

E non te manches...

O neno revolve pola cociña e colle o que hai enriba da mesa. Caladamente comeza a comer un bocadillo de chocolate, mostra ese inocente rostro dun neno de 12 anos que goza de papar a súa merenda favorita.

Tamén enriba da mesa hai un par de sobres pechados, cartas postais de cor branco de igual tamaño con cadanseu selo estatal. O neno, curioso, ábreas e le o seu contido, coma se fose un rapaz maior que xa goberna na casa.

NENO:

(berrando)

Mamá! Tés unha factura por pagar!

Non recibe resposta de ningún tipo. O rapaz devólveas ó seu sitio. Logo vai cara outro lugar. Camiña entre os corredores.

Entra no salón. Séntase no sofá principal e quédase alí, mirando algo, acougado, comezando a comer... Estamos con el por un tempo, admirando esa tan inocente inocencia (valla a redundancia).

CORTE A :

- CRÉDITOS FALADOS DE GRAN TAMAÑO -

CAPÍTULO 1

"TAXI"

3. UNHA CIDADE CALQUERA. NOITE.

(planos abertos)

Perfil dunha cidade, edificios, rúa, xente, coches, un taxi...

4. DENTRO DUN TAXI. NOITE.

(dende o interior do vehículo)

A iso das 10 e pico da noite, no interior dun taxi, un home duns 65 anos (TAXISTA) transporta persoas dun lugar a outro. Neste momento vai baleiro. As rúas da cidade xa van mudando de xente; as aves diúrnas cédenlles o sitio a aquelas nocturnas e todo se volve máis interesante.

Pola emisora do taxi malamente se escoitan de cando en cando esas conversacións cheas de interferencias típicas entre taxistas.

O home mostra un rostro falto de expresividade, pensativo, aburrido, baldío, cansado dun traballo de merda...

O semáforo está vermello. Un home ben amañado aproveita para montar no taxi. Trátase de RAMÓN. A primeira vista semella un home de negocios. Nos asentos traseiros predomina a escuridade e dificilmente se lle pode apreciar o rostro.

O taxista é un home introvertido. Non fala moito cos clientes, nin falta que lle fai. Ten bastante experiencia como para precisalo.

Ramón indícalle a dirección. Acto seguidoponse a falar por teléfono sobre algo banal, semella que coa súa muller. O taxista, profesional el, escoita disimuladamente a conversación. De cando en vez bota unha leve ollada polo retrovisor cara a parte de atrás do automóbil.

(un pouco despois)

RAMÓN:

(sen que se lle vexa o rostro, aínda falando polo teléfono)

Perdoe, déixeme por aquí en canto poida.

O taxista, sen facer aceno de ningún tipo, xira o volante, arrímase á beirarrúa e detén o coche. Ramón inclínase cara diante e sóltalle un billete.

RAMÓN:

Quede coa volta.

Abre a porta e abandona o vehículo. O taxista xira un pouco a cabeza, ollando para o tipo, despois mira para o reloxo e apaga o luminoso do taxi. Acabou a súa xornada. Fica pensativo por un pouco, apaga a radio e continúa firme camiño dalgún lugar.

(dende fóra)

O taxi circula polas rúas da cidade, entre ese tráfico espeso da noite. Pouco a pouco vaise afastando das zonas máis céntricas. Finalmente entra nun aparcadoiro ó aire libre. Xa estamos nos arrabaldes, carne de polígono, onde apenas hai vida a estas horas.

Sae do taxi, abre o maleteiro e colle unha maleta amarela de tamaño medio. Baixa o portón e pecha o coche.

Agora camiña. O escaso ruído ambiental permite escoitar os pasos con claridade. Achégase paseniño a unha nave industrial, cara unha desas "portas de atrás" que dificilmente se sabe para onde te levan.

Dous homes de seguridade (SEGURIDADE 1 e SEGURIDADE 2) de gran tamaño horizontal apóstanse ben erguidos ó lado da porta. Escóitaselles falar. Unha conversa trivial, semellante á de todos os días... supoño.

5. NUNHA “PORTA DE ATRÁS”. NOITE.

SEGURIDADE 1:

...saín correndo tras del, díxenlle "tate quieto aí chaval!", agarreino pola zamarra, abrinlle o bolsillo e sabes que era? un paquete de Ducados!! jajaja!

(escacha a rir)

...e debía ter 13 anos, deixeiño marchar per...

(o taxista interrómpeos ó chegar a xunto deles)

SEGURIDADE 1:

(con outra disposición)

Boas noites, dígame o seu nome se fai o favor.

TAXISTA:

José De la Cruz.

(agarda paciente)

O porteiro busca entre os nomes que ten no seu libreto e efectivamente: está na lista! Sen máis enredos déixalle pasar e continúa a conversa onde a deixara. O seu compañeiro non fai outra cousa que asentir constantemente.

Trátase dun deses homes de segunda liña, deses que non parecen ter máis obxectivo vital que chegar á casa, quitar os zapatos, prender o televisor e botarlle uns sentidos berros á muller.

SEGURIDADE 1:

Que hora téis? ... O luns vou mirar o azúcar...

(Seguridade 2 asinte)

Téño alto! ... Teño que controlalo...

(Seguridade 2 asinte de novo)

59 anos!! Xa teño 59 tacos!! Que animalada!!

(Seguridade 1 queda pensativo)

Tu aínda es novo!

(Seguridade 2 desta vez non asinte, permanece parado)

Es do tempo de meu irmáu, ou? Téis boa duda...

(Seguridade 2 volve a asentir)

(suspira longamente, recordando tempos mellores)

Xa ves, eu cando tiña o teu tempo non había quen puidera comigo...

6. ESCURO CORREDOR DE CAMERINOS. NOITE.

O taxista continúa camiñando por un corredor mentres a conversa dos de seguridade se vai fundindo co barullo do interior do local.

Unha ASISTENTA DE ESPECTÁCULOS achégase en sentido contrario, con ritmo. É unha rapaza nova, simpática, excesiva, cun falar peculiar e

gran expresividade... Non é difícil saber que agocha un nervio da hostia. Non é nin moi guapa nin moi fea, coma min.

ASISTENTA DE ESPECTÁCULOS:

Jose!!! Ei! Sabe que hora é corazón? Veña, veña!! O seu camerino é o do fondo, o último. Déase présa que nos quedan 6 minutiños!! Xa están esperando por nós!!

(camiñan rapidamente)

Ábrelle a porta do camerino como amosándolle o camiño. Sorrí e apértalle o brazo de xeito cariñoso.

7. CAMERINO ESCURO. NOITE.

O taxista, pouco expresivo, concéntrase sentado diante dese típico espello de luces que por norma sempre hai nos camerinos. Logo érguese, colle a maleta e sae pola porta.

8. ESCURO CORREDOR DE CAMERINOS. NOITE.

(travelling)

O noso home desprázase lentamente polo longo e escuro corredor. No fondo... luces escénicas!

(segue a camiñar)

Sae de entre bastidores para entrar de cheo nun escenario. Sitúase no medio, xusto onde as luces apuntan con maior intensidade. As butacas están cheas de PÚBLICO, por agora expectante, agardando con certa impaciencia.

Móstrase un primeiro plano de José o taxista. Ten un rostro que aparenta tímido, seguramente pouco acostumado a este tipo de cousas... ou non.

FUNDIDO A NEGRO:

O rostro dun HOME REFLECTIDO míranos fixamente, na escuridade, case sen pestanexar. Apenas se percibe e ocupa a totalidade da pantalla, case nun segundo plano. Coma se fose un tenue reflexo.

CAPÍTULO 2

"Os que tiñan que quedarse calvos"

9. NUNHA TELEVISIÓN.

Emiten un programa de autoaxuda barato. Un comecacholas para mentes básicas. Típico programa ficticio co aspecto de cutre teletenda americana. Deses que che amosan o camiño ó éxito e á total felicidade.

O DOUTOR BOBY PARSON, un señor ben vestido e de cabelo branco, fala de xeito convincente e persuasivo. Sobre un fondo exclusivamente negro.

DOUTOR BOBY PARSON:

(nun croma, en plano medio)

(sobreactuando, diríxese ó público cun discurso propio deste tipo de programas)

Fafafafafafa!

REBECCA BANELLI relata a súa experiencia persoal.

REBECCA BANELLI:

(solta outro discurso sen transcendencia)

Fafafafafafa!

CORTE A:

10. INTERIOR DA TENDA DUNHA GASOLINEIRA. DÍA.

Atopámonos na máis común das tascas de gasolinera, unha desas que teñen un pouco de todo: cervexa, embutido, lambetadas, xel de baño, aceite de coche, revistas porno... Non é que sexa unha merda de tenda, pero resulta evidente certa desorganización.

De fondo, na *Canle3*, seguen a emitir ese programa do que falamos. AMALIA, unha vella gorda e fea, préstalle atención pero deseguida cansa. Apaga o televisor, érguese e achégase á fiestra. É a propietaria da gasolinera, que probablemente foi herdada xa que semella unha muller totalmente incompetente.

Uns poucos metros máis atrás un mozo duns 25 anos busca acomodo enriba do mostrador. Trátase de O PEQUENO TEDI, o fillo de Amalia. Le un deses cómics de violento contido. Semella ser un tipo un tanto peculiar. Usa anteollos grandes e metálicos, un chisco escurecidos. Ten a pel branca coma o leite e o pelo longo e louro, moi louro, atado nunha práctica coleta das que xa rara vez se ven.

Parece que ten algún tipo de alerxia porque frecuentemente leva a man ó nariz e móvea facendo círculos, buscando un alivio momentáneo, procurando atopar un movemento que calme tan intensa comechón. Permanece coa cabeza gacha, sen deixarse ver moito.

A vella segue a mirar pola ventá que dá ós surtidores da gasolinera. Fica de pé, coa mirada perdida, pensativa. É dese tipo de persoas sufridas, afogadas nunha infelicidade crónica, que nunca acouga con nada e, o que é aínda peor, con ninguén.

Observa intranquila o que pasa polo exterior da súa gasolinera. Nun dos surtidores hai un coche vello de cor gris, porco e desfeito, mais non hai ninguén repoñendo gasóleo e iso mantena un tanto nerviosa.

A vella vólvese para o seu fillo e mírao de mala maneira. Quere conflito. Coma case sempre busca algo que botarlle en cara. Tedi continúa no seu mundo, lendo nese cómic de trama violenta. A vella vólvese de novo cara a fiestra e continúa mirando ó exterior, mais fóra todo segue igual.

AMALIA:

(logo dun pequeno silencio, en ton pausado, coa mirada fóra e coa palabra dentro)

Miraches o nivel do gasoe?

A vella espera contestación pero Tedi parece demasiado inmerso no seu cómic para responder. Ela xírase e fica un pouco observándoo. Non é desas nais que mostra orgullo polo fillo; as miradas falan por si soas. Volve a xirarse e continua mirando pola fiestra mentres fala.

AMALIA:

(esbardallando)

Tes que cortar ese pelo!

Teu pai tamén tiña o pelo coma ti. Parecía un can.

...

Tu nin o acordas...

(silencio)

Despois colgouse con aquelas mangueiras vellas. Non sei que lle deu...

Foi ó pouco de nacer tu...

(quédase pensativa por un pouco)

...

(sentenciando)

...e tu vas polo mesmo camiño ca el!

De seguido, bebe gustosamente o pouco coñac que lle queda. Trémelle as mans... leva moita merda enriba.

CORTE A:

11. INTERIOR DO BAÑO DA GASOLINEIRA. DÍA.

É un deses lavabos pouco coidados na decoración, con bastantes anos, porco, sinxelo e gastado. Ten un espello grande e urinarios de mexar de pé. É un lugar con pouca luz, só aquela que pode entrar pola pequena ventá incrustada na parede que dá á gasoleneira.

A billa do lavabo permanece aberta, non moito, pero suficiente para que corra un pequeno fío de auga.

A porta do retrete está pechada. Por debaixo dela pódense ver dous zapatos (un de cada pé) e tamén uns pantalóns baixados ata o chan. Escóitase un leve gargarexar: eses ruxidos que se fan cando se ten carraspeira.

JON DOE érguese, agarra o pantalón e amárrao. Tira da cadea pero non funciona ben. Proba varias veces ata que desiste. Abre a porta e continúa amañando o pantalón con total satisfacción. Quedou a gusto! Unha boa cagada sempre te deixa ben a gusto!

De seguido abre a billa un pouco máis. Colle xabón do dosificador. Molla as mans (unhas mans grandes), molla o pelo e relámbese. O home ten un cabelo cano, liso e longo; recrease, gústase e relámbese ben. Dálle boa forma a ese ser chulesco que leva no seu interior. É un tipo guapo, un pouco deixado, pero guapo a fin de contas. Terá uns corenta e tantos anos. Non é fácil de saber, non hai moita luz.

CORTE A:

12. INTERIOR DA TENDA DA GASOLINEIRA. DÍA.

A vella mira para fóra á vez que finaliza un dos seus sermóns diarios, deses que sentencian, deses que pretenden estar cheos de sabedoría.

AMALIA:

...ademais, antigamente os que tiñan que quedarse calvos, quedábanse calvos!

Desque tiñan entradas non lle había que facer!

Eses eran homes de verdade e non os pelexos de hoxe en día, agora con esa merda de produtos deben pensar que lles vai medrar o pelo...

Trapalladas!

Os que teñen que quedarse calvos, quédanse calvos!

(quedou a gusto, como se acabase de escribir un novo evanxeo)

Tedi segue a ler no seu cómic sen facer xesto algún. Parece talmente que non lle fai nin puto caso. A páxina que le mostra o corpo dunha muller espida nunha cama.

AMALIA:

(leva a man ó estómago)

Dóeme o estómago... Teño que ir ó médico...

(pensativa)

Estou enferma, aquí teño un bulto...

(tócase)

Foi a máis.

...

Cáncer... que outra cousa pode ser?

Logo hei morrer!

Amalia xírase. Ten o pescozo algo fodido. Xira o corpo enteiro e mira para Tedi por un pouco, pero el non amosa afecto algún.

AMALIA:

(fala pero non move a boca, rosma para os seus adentros)

Cocho! Nin lavas o pelo...

Así quen te vai querer?

(bebe o último grolo e volve a xirarse cara a ventá)

Teste que casar!!!

(quédase pensativa)

Vaiche sendo hora de buscar unha muller.

Calquera... ben che vale unha calquera! Quedar solo é das peores cousas que che pode pasar.

...

Eu non vou durar moito!

Jon Doe sae do lavabo. Amalia obsérvao sen apenas moverse.

AMALIA:

E mirou o nivel do gasoe?

Silencio, non hai resposta, continua mirando pola fiestra.

O home agora está poñendo gasóleo mentres fuma un cigarro, un acto cando menos pouco seguro. Amalia mete a man no peto e saca un paquete de tabaco negro. Parece que lle deu envexa. Ábreo, colle un cigarro e méteo na boca con pouco xeito. Trémelle o pulso (pódese dicir que o estilo e os modais non van con esta muller). Agarra un chisqueiro do peto e prende o cigarro botando rapidamente unha boa fumareda.

Tedi solta unha gargallada tola, abrindo completamente a boca, sen reparar en nada...

TEDI:

Muajajajah!!

Non tarda moito en volver á situación natural. Tedi pasa de páxina no cómic. Nela vese agora un home fumando un cigarro enriba dunha cama. A vella move os ollos pero non chega a xirarse. Esta foi a primeira vez que lle vimos os ollos a Tedi. Se algo se pode dicir del é que non parece que a sangue lle regue ben a cabeza, coma se realmente non houbese ninguén ó volante...

13. EXTERIOR DA GASOLINEIRA. DÍA.

É unha calorosa e tranquila mañá na gasoleneira. Esta estación de servizo está no medio de ningures, ó pé dunha estrada comarcal na que apenas hai tráfico. Non semella haber moita vida en varios quilómetros á redonda. A paisaxe é árida e extensa, case infinita. Ó fondo pódense ver uns pequenos outeiros.

(polo fío musical soa algo de *country*)

Mentres tanto o contador do surtidor sobe a fume de carozo (móvese polos 15€). Jon Doe está agarrado á pistola do surtidor. Pensativo, bota gasóleo pacientemente mentres gusta das últimas caladas. Levanta a mirada, dá unha chupadiña final e apaga a cabicha na chapa do coche. Tíraa ó chan.

Eleva un pouco as cellas e fixa a vista no interior da tenda, cunha mirada digna dos vaqueiros dos mellores *westerns*. Alí está Amalia, pegada á fiestra e co cigarro na man. Observa ó home con certa desconfianza, cunha mirada fixa e penetrante...

Jon Doe devolve a pistola ó seu lugar e pecha o depósito. Amalia continúa co cigarro na boca, detrás da ventá e sen inmutarse. Non se move nin un chisco.

O home abre a porta do acompañante e colle o que parece un obxecto escuro duns 30 centímetros. Agóchao no peto traseiro do pantalón, pecha a porta e achégase paseniño á tenda da gasoleira. Entra nela facendo soar uns cascabeis. Eses típicos cascabeis que penduran nas portas dalgunhas tendas de barrio ou solitarias gasoleiras.

(case case parece o Clint Eastwood vaidoso que entraba naqueles clásicos *saloon's* do oeste)

14. INTERIOR DA TENDA DA GASOLINEIRA. DÍA.

A situación non podería ser máis tensa. O pequeno Tedi bota sobre Jon Doe unha ollada desinteresada mentres pasa páxina. Amalia segue atusmando pola ventá, mais agora interésalle ben pouco o que pasa no exterior, xa que está empregándose a fondo na súa consabida arte do disimulo. Mira continuamente de esguello e non deixa de prestar atención. Non perde detalle.

O home está rebuscando algo entre os estantes da tenda. Non parece que argalle en nada importante pero por suposto que isto tamén a mantén incómoda.

Logo, Jon Doe, aparece de súpeto diante do mostrador. Tedi levanta a mirada, fai un xesto de saúdo e suspira. Detesta á xente e detesta ter que atender a tenda, non naceu para iso. Quere rematar axiña e volver a somerxerse no seu mundo de ficción.

O pequeno Tedi levanta o cello.

JON DOE:

(vai narrando lentamente mentres vai pousando todo no mostrador, non deixa de mirar a Tedi)

Chocolate, dúas cervexas e... as patacas!

(sorri, nunha mistura de amabilidade e soberbia)

O pequeno Tedi preme na caixa rexistradora a ritmo pausado. Observa as cousas e segue a premer botóns, logo mira para o coche, no exterior. Só hai ese vehículo na gasoleira. Tedi volve a teclear con forza na rexistradora, sempre co dedo índice. Acaba de introducir os 20 euros de gasóleo.

TEDI:

Vintecinco.

(o luminoso da caixa marca 26,50)

JON DOE:

Dáme tamén papel de liar... dous...

(estes dous cabróns son homes de poucas palabras)

Tedi mírao lentamente e xírase para coller os libriños que están detrás del. Volve a teclear.

TEDI:

Vintenove.

(o luminoso da caixa marca 28,30)

O pequeno Tedi levanta a cabeza e mírao, unha mirada plana, como dicindo: “Ei, que carallo che pasa tío, vasme pagar ou que?”. O home tampouco lle quita a vista de enriba. Agardan durante un pouco, sen falar, mirándose.

Jon Doe le o nome de Tedi no identificador que leva na camiseta: Sr. TEODORO, baixa a mirada, sorrí un chisco e volve a erguela. A vella continúa na súa posición habitual pero sen perder detalle. Tal e como se presenta a situación parece que aquí non vai quedar títere con cabeza.

Tras uns segundos que parecen interminables o home leva a man lentamente ó peto traseiro. Saca unha billeiteira de cor violeta, alargada (duns 30 centímetros), que se ve que é de muller... Ábrea e revolve entre os abundantes billetes. Saca un dos billetes azuis e púsao na barra. Saca outro billete azul e tamén o pousa.

Jon Doe mira para o rapaz. Tedi obsérvao fixamente analizando a situación: esa carteira non lle pega nada, absolutamente nada... Mira para fóra, mira para o coche... non hai ninguén. Volve a mirar para Doe.

Jon Doe esboza un sorriso e fai un pequeno aceno, afirmando, levantando o cello...

Na páxina do cómic pódese ver o cadáver dunha muller no maleteiro dun coche, sangrando abundantemente pola boca.

Tedi segue a miralo fixamente, pero agora xa case case con admiración. Entón, intelixentemente decide buscar unha bolsa e meterlle nela as catro cousas que comprou. De seguido colle os cartos, cóbralle 25 e dálle as voltas. Jon Doe pecha a carteira pasándolle a cremalleira lentamente, sen quitarlle a mirada de enriba ó señor Teodoro.

Amalia permanece onde sempre, petrificada.

15. EXTERIOR DA GASOLINEIRA. DÍA.

Jon Doe está xa fóra da gasoleneira, coa bolsa debaixo do brazo. Devolve a carteira ó seu lugar e monta no coche. Antes de subirse bota unha última ollada cara dentro, onde Amalia segue observando pola cristaleira. Tedi tamén mira para fóra, agora dende a porta da tenda.

CORTE A:

16. DENTRO DUN MERDENTO COCHE COR GRIS. DÍA.

O automóbil de Jon Doe vai por unha estrada comarcal, un camiño sen vida. Poderíanse contar cos dedos dos pés os coches que pasan durante cada xornada.

Circula a velocidade de cruceiro. Do seu rostro non se pode obter moita información, semella un ser impasible e estraño que, non obstante, non deixa de resultar atractivo.

Guía o seu vehículo ó mesmo tempo que goza de comer as douradas patacas fritas que acaba de mercar. A fiestra do coche vai aberta e o condenado vento zóupalle na cara.

Mentres continúa a conducir, xira o espello retrovisor como se quixera ver algo nos asentos traseiros. Bota unha ollada pero non se ve nada, mais el segue mirando atrás sen deixar de prestarlle atención á estrada. Repite esta acción varias veces.

JON DOE:

(sarcástico)

Ei, como vai?

Non hai resposta. Continúa mirando polo retrovisor.

JON DOE:

(máis sarcasmo)

Vai calor? Abro máis a ventá?

...

Si, vou abrila... fai moita calor... eh?... eh?

O home abre un pouco máis a fiestra. Tampouco parece que circule de todo ben a sangue por este outro cerebro, pero é verdade que fai calor.

JON DOE:

Mellor así...

Continúa a conducir. Coa barra de chocolate nunha man e o volante na outra, acende torpemente o aparato musical. Parece que lle gusta o que oe e comeza a acompañar a letra da canción, desafinando e inventando a maior parte das palabras, como facemos a maioría cando soa un tema en inglés.

17. POLA ESTRADA. DÍA.

O coche segue a circular a velocidade constante. Pola ventá sobresa o brazo do home.

LOADING...

FUNDIDO A NEGRO:

O rostro do home reflectido aparece na pantalla, imbricado no fondo negro, mesturándose coa escuridade.

CAPÍTULO 3

"WHISKY"

18. RÚAS DA CIDADE. NOITE.

Estamos a carón do taxi, na cidade. Non semella que sexa o centro. Son rúas abertas dos arrabaldes, esa zona da cidade máis tranquila que a xente emprega para ir durmir. Hai algo de circulación mais non demasiado atasco. Os coches flúen tranquilamente.

Deben ser preto das 11 da noite, hora na que aínda quedan restos de vida pola rúa e os bares permanecen abertos.

O taxi, un deses taxis como os das películas antigas, como hoxe sería un Chrysler Cruiser de cor negra, leva no teito unha sinal luminosa na que se pode ler: "TAXI".

Por fóra, xunto á porta do vehículo, está Ramón, un home de negocios duns 50 anos. Vai ben amañado, viste un elegante traxe de confección de cor gris claro, unha gabardina negra e unha garabata de fina seda. Ese traxe debe custar moito diñeiro. Non lle faltan os cartos, esas cousas nótanse. Entre as pernas ten un maletín tipo *business*.

Garda a billeteira nun dos petos sen deixar de prestar atención ó seu redor, observando a rúa na que se atopa. Prosegue con aquela chamada telefónica do principio da historia na que falaba banalmente coa muller.

O taxista apaga o luminoso do taxi.

Ramón bótase a andar pola rúa.

19. UNHA RÚA DA CIDADE. NOITE.

(*travelling* de plano medio)

Ramón vai camiñando pola rúa. O seu andar elegante mestúrase coas luces da noite, coa XENTE DA RÚA, miradas de desconfianza, voces alteradas, almas solitarias... a xungla de asfalto dunha gran urbe. Nunha das mans leva o maletín e coa outra remata a conversación telefónica.

RAMÓN:

Sube e baixa, sube e baixa.

Si...

O gordo... claro!

Si, cheguei...

Non! Jajaja!

Non aínda... falamos mañá...

Sete e media creo... si...

Bicos... eh? Jaja!

De matrimonio... jaja!

Bicos!

(colga o teléfono)

Logo dun xiro á esquerda na primeira rúa, Ramón entra rapidamente no Hotel Delfín.

20. INTERIOR DO HOTEL DELFÍN. NOITE.

Este é un lugar fino, cunha decoración altamente coidada. Non é calquera pensión. Trátase dun bo hotel a pesar de que o nome non invita a pensar isto.

Ramón camiña polo recibidor e realiza educadamente o clásico cruce de saúdos co HOME DA RECEPCIÓN, un personaxe de rostro peculiar e sorriso sistemático que permanece sempre erguido e case sen pestanexar. Uns metros máis ó fondo está o bar do hotel. Un non se pode ir para a cama dun lugar así sen antes tomar a última copa do día, esa que calma os nervios e deixa durmir.

21. INTERIOR DO HOTEL DELFÍN, NO BAR. NOITE.

O bar do Hotel Delfín é un tanto peculiar: iluminación íntima, aroma a madeira labrada, moquetas lustrosas... dálle un certo aire a eses pubs ingleses con baldas repletas de whisky e cheos de tiradores de brillante e espumosa cervexa.

Non hai moita xente. Nunha mesa, unha SEÑORA MAIOR, e probablemente adiñeirada, conversa animadamente cun HOME DE POSIBLES de similar idade. Semellan dous manequíns de cera que por veces rin a escachar. Están a pasalo ben... xa nada lles importa.

De costas, na barra, unha muller ben feitiña permanece inalterable. Chámase ALEX. Detrás da barra está o CAMAREIRO, un ser falto de carácter.

(soa unha tranquila música de fondo)

Tras uns segundos de indecisión, Ramón acomódase dúas banquetas máis alá de onde se senta Alex. Ela está bebendo pausadamente un whisky con xeo.

Trátase dunha muller terriblemente fermosa. Ten o cabelo moi coidado, louro, longo e ondulado. Presume dun corpo de escándalo e un perfecto

escote que causa impresión. Diría que se trata dunha verdadeira beleza. Ó seu lado ten un libro de Murakami, pero non importa, é simplemente de *atrezzo*, quizais para iniciar unha conversación, sen máis obrigacións.

Ramón quita a gabardina e acomódase con certa dificultade, tropezando con todo. Ó mesmo tempo, chama ó camareiro e saúda a Alex. Suspira descansado...

Coa calma e coa educación que se require nunha persoa do seu tipo.

RAMÓN:

(falándolle ó camareiro)

Un whisky por favor...

(sorrí mirando á muller)

Boa noite!

CAMAREIRO:

Algún en especial señor?

(achegando plano ó máis puro estilo Scorsese)

RAMÓN:

(sen pensar demasiado)

White Label...

O camareiro confirma o pedido cun simple xesto de afirmación.

Un hotel de 5 estrelas, polo normal, só gasta whisky de calidade. Pero no Hotel Delfín vese que tamén hai White Label. Non obstante, ó pouco Ramón alza de novo a voz.

RAMÓN:

Espera! Tés Hightland Park de 12 anos?

(Ramón mira o whisky de Alex e replica)

RAMÓN:

Con dúas pedras de xeo, por favor!

A señorita, ociosa, non deixa de prestar atención. A dicir verdade, pouco máis ten que facer que estar axitando no whisky. Móveo lentamente e mira para el como se fose a porta cara algún outro lugar do planeta. Un lugar máis interesante, por suposto.

Alex debe ter 15 anos menos ca Ramón, pero esas miradas deixan intuír algo. Ese home faille gracia, ten algo especial. Parece un home bo, feliz pese ás preocupacións do seu traballo. Quizais sexa esa naturalidade ou ese elegante traxe de cor gris apagada... quen sabe! Ese home ten algo que non se pode palpar pero que se sente.

(a situación xa está creada, estamos á espera de que un dos dous se arranque a falar)

RAMÓN:

(logo do primeiro trago de whisky e tras pensar un anaco, ocórreselle algo decididamente orixinal)

Que bebe?

ALEX:

...eh? un whisky... un Cutty Sark.

RAMÓN:

Ah! o do veleiro!! Sempre me gustaron os veleiros...

Eu antes bebía esa marca... meu pai xa mo daba de pequeno.

Os domingos, despois de comer, recordo que me dicía... "Monchito!! isto é pra asentar, un dixestivo!!"

(ri e vólvelle a dar outro grolo)

ALEX:

(mira para o maletín de Ramón)

Executivo?

Ramón é un home humilde e educado, que fala sempre coa mesma intensidade. Un home sinxelo que ofrece confianza.

RAMÓN:

Eee... si...

(move a cabeza asentindo e suspira)

...e hoxe foi un día duro.

(quédase pensativo)

Mañá teño outro día complicado de traballo... Necesitaba un bon whisky. Unha copa que axude a descansar... calma os nervios antes de botarse a durmir.

(sorrí inocentemente)

Ela mira para o reloxo de pulseira. Logo colle o móbil do bolso e mírao rapidamente. Volve deixalo onde estaba.

ALEX:

Eu tamén tiven hoxe un día apurado... non vía a hora de saír desa oficina de merda!

RAMÓN:

(sorri, encantado coa compañía, e prosegue)

Tamén está aloxada neste hotel?

ALEX:

Non, non! Estou...

(despístase, logo retoma a frase a toda velocidade)

Bueno... vivo! a dúas rúas de aquí.

Quedara cunha antiga compañeira de traballo.
Hoxe era o día... de poñernos ó día...

(enfatiza)

De poñer a parir á xente...

(ri timidamente)

Pero vai ser que me deixou tirada...

Está medio tola! xa o pai non era ben agudo!

(relaxadamente)

Eu... a verdade... no fondo sabía que non iba vir.

(logo dun silencio incómodo)

Pero gústame este bar, é tranquilo...

RAMÓN:

Si, tranquilo é.

ALEX:

A que día estamos hoxe?

RAMÓN:

Vintecatro!

Alex reláxase e bebe un trago, un trago competente, sen reparar. Suspira, deixando marchar no aire o estrés da xornada e levanta o seu whisky, como querendo brindar na distancia.

ALEX:

Son Alex!

(sorrí cara Ramón)

Ramón levanta tamén o seu vaso.

RAMÓN:

Ramón! Un pracer!

Os dous permanecen un tempo mirando para o seu vaso, pensativos.

O camareiro seca vasos con insistencia sen deixar de prestarlle atención á situación. Alex percute no seu, coas unllas dos perfectos e coidados dedos que posúe. O alcohol aínda non fixo o seu maleficio.

(xorde outra vez o típico silencio incómodo que tanto asusta nestas conversacións)

Semella que ámbolos dous están a buscar algo que dicir. De fondo percíbese a tranquilidade, personificada en Ramón co seu vaso erguido, movéndoo circularmente.

RAMÓN:

(insiste, aburrindo a conversa)

Pois o veleiro, o do debuxo, o da etiqueta do Cutty Sark... ese era un veleiro londiniense... e o whisky é Escocés!!

(movendo o vaso, mirando para el)

Un escocés dos de verdade non pode ver diante a un inglés dos de verdade, non os aturan.

Os ingleses son uns señoritos estirados...

Estiveches algunha vez en Escocia? É unha terra que en nada se parece a Inglaterra, todo é diferente alí...

A Alex véselfe algo aburrída. Aínda que é unha persoa un chisco tímida, non deixa de ser unha muller das de agora, unha muller de vivir a tope, unha muller que se quere, que se gusta e que pensa en si mesma. A Alex gústalle facer o que lle pide o corpo.

ALEX:

(tímida pero decidida, aínda percutindo cos dedos no vaso)

Pódoche facer unha pregunta?

Ramón volve a cara mirando para ela.

RAMÓN:

Claro!

(curioso)

ALEX:

Tela moi grande?

(mirando para o vaso e ríndose timidamente)

Ramón xírase sorprendido e sorrí. Ela tamén sorrí agardando unha resposta.

RAMÓN:

Coomo!? Jajaja!

(escacha a rir)

...

Pois así de súpeto... non sei que dicirche...

(ri de novo)

Ja... Jaja!

...

Non sei... normal supoño... nin moi pequena nin moi grande.

(ela mírao de forma pícara)

ALEX:

Veña!!

...

Vamos!!

(sorrí)

Seguro que eres capaz de contestarme, eh?

(sorrindo)

RAMÓN:

(bebe máis, a conversa sobe de ton)

Vale, poida que sexa un pouco máis grande do normal...

(coas mans intenta marcar o tamaño exacto, algo que se ve un pouco ridículo)

RAMÓN:

Porque che preocupa tanto?

ALEX:

Non me preocupa!

(ri)

RAMÓN:

(vacilando)

No, non sei, estábache falando tranquilamente e... así de repente...

(case sen deixarlle rematar)

ALEX:

Non pasa nada.

(tranquilizándoo)

Gústame incomodar...

Gústame observar as reaccións da xente...

(ri)

É divertido...

Ademais... interésame o teu chisme!

A min gústanme grandes, non sei... por vistosidade, agárranse mellor...

(pasa whisky pola gorxa)

...pero non demasiado grandes, un pouco máis do normal está ben. Se son demasiado grandes doe!

(ri, vacila)

RAMÓN:

(con algo máis de confianza)

Entón, se todo vai ben, a miña seguro que che gusta.

(bebe gustoso)

Veña, de acordo, digamos que é máis grande do normal, non chega a ser unha cousa enorme, pero está ben. É grande, unha pirola competente, ben feitiña.

(pensativo e alegre, falar de Escocia está ben pero falar de pirolas está moito mellor)

A conversación, aínda que é un pouco subida de ton, resólvese de maneira normal, como se estivesen falando de irse de vacacións... Son xente adulta que, nestas cousas, xa están de volta e media.

O camareiro fica un pouco apartado, pero non quita a orela da conversa. É unha personaxe de imaxinación perversa.

(logo dun obrigado silencio)

ALEX:

Podo vela?

(o camareiro sorri)

RAMÓN:

...eh?

(atragóase un pouco)

Aquí!?

(o camareiro ri timidamente para os seus adentros, non dá crédito ó que oe)

ALEX:

(sobreactuando un pouco, teatral)

Claaro, aquí no bar!!

(rompe a rir)

Estás tolo!!

(Alex fala mentres continúa a rir, todo isto parécelle moi divertido)

Ei!

(minimiza o sorriso)

Levas un traxe caralludo, ata unha corbata de seda!

(facendo un inciso no ton da conversa)

Algo horterera por outra parte...

(sorri)

Non deberías ter un mínimo de decoro?

(volve a rir, vacilando)

Como se che vai ocorrer ensinar a pirola no bar dun hotel de 5 estrelas!?

(exclamando)

Que tío! Que ía pensar a xente!?

(ri de novo, despois cambia o ton da conversa a algo máis íntimo e sensual)

Mira, imos para a túa habitación, baixamos eses pantalóns e vemos iso, os dous sós...

O camareiro deixa de sorrir, permanece coa mirada gacha, limpando pasivamente os vasos.

RAMÓN:

E despois... que?

ALEX:

Pois enséñasma, e despois se non contaches mentira pois botaremos un bon polvo.

(máis bébeda, mírao)

Jajaja! Ou que prefieres?
Que me enseñes o pito e...

(sobreactuando novamente, vacilando, divertida)

"Muy bien, muchas gracias señor, foi fantástico, que teña vostede unha boa e placenteira noite..."

(diríxese ó camareiro, xa un pouco bébeda)

Ti que dis?

(nervioso, o *barman* non sabe onde meterse)

...

(Alex volve a xirarse de cara a Ramón)

Veña!! Tes algo mellor que facer?

Déixate ir...

Ramón bebe dun trago o pouco whisky que lle queda.

RAMÓN:

(inocente)

Non... non serás...?

ALEX:

Ehh! non son tal! Tamén tiven un día duro, ok? Bebín un par de copas e teño ganas de liberar tensións. Foder libera tensións!

Apetéceme botar un polvo cun desconocido, tocouche. Que problema hai?

As mulleres témolo fácil para estas cousas...

RAMÓN:

Resúltame un pouco estraño, sen máis... case podería ser teu pai!

Ramón, disimulando, bota unha mirada ó bar. Alex érguese e achégase a el. Inesperadamente, agárrao e bícao lascivamente, mordéndolle os beizos. Sepárase. Ramón fica impresionado. Alex sorrí.

ALEX:

(moi sensual)

Ven!

CORTE A:

22. CORREDORES DO HOTEL. NOITE PECHADA.

(soa unha melodía estraña e o tempo móvese amodiño)

Imos polo corredor do hotel, buscando a habitación. O corredor é longo, estreito, cunha decoración exquisita e iluminación íntima.

(cámara en man, escóitanse forte as respiracións)

En primeiro plano o lombo de Ramón. Un pouco máis adiante ela, botando pequenas miradas cara atrás, sorrindo... extremadamente sensual.

FUNDIDO A NEGRO:

A perversa mirada dun home enche a pantalla, mesturándose co fondo escuro.

23. BUTACAS DUN ESCENARIO TEATRAL. NOITE.

Unhas simples e naturalizadas siluetas humanas acomódanse en cadansúas butacas, outras permanecen sentadas, inqueda... á espera de que a función continúe.

24. ESCENARIO TEATRAL, HABITACIÓN. NOITE.

(baixo un plano xeral fixo de longa duración)

Representábase enriba do escenario un dormitorio de hotel no que predomina a cor vermella. Os focos de luz proveñen das dúas lámpadas de mesa situadas a ámbolos dous lados da cama. Un pouco da tenue luz da rúa fíltrase por unha fiestra. De igual maneira, corre un pequeno fío de vento que move as cortinas levemente.

É unha habitación luxosa e espazosa, co *atrezzo* típico dun dormitorio. Ó fondo, a porta do baño permanece entreaberta.

Ó pouco séntense ruídos que proveñen da porta principal. Alex e Ramón entran na estancia. Ela camiña con estilo, observando o lugar. El préstalle atención.

Alex achégase á ventá, separa as cortinas e olla para o exterior. Ramón carga algo de whisky nun vaso e bebe.

Alex camiña paseniño ata o centro do escenario, moi preto do público.

Ramón quita a chaqueta, púsaa enriba dun pequeno sofá de corte *vintage* e bebe de novo.

Ela leva as mans ó lombo e baixa a cremalleira do vestido, que cae elegantemente deslizando polo corpo, ata pousarse no chan. Viste un provocativo conxunto de roupa interior negra. Fica completamente erguida, consciente de que ten unha figura de escándalo... As súas sensuais curvas, estilizadas pernas e apetitosos peitos, farían as delicias de calquera home.

Ramón pousa o vaso, molla os dedos no whisky e camiña cara o centro do escenario. Sitúase xusto detrás de Alex e achégalle a man á boca. Ela comeza a percorrer os dedos coa lingua, lambendo o licor. Alex xírase cara Ramón. Bícao e despraza as mans ata a súa entreperna. Non podemos apreciálo pero resulta evidente que lle anda a argallar na pirola. Ergue a mirada e sorri, Ramón non estaba esaxerando...

Alex descende a terras baixas. Trábase uns momentos intentando quitarlle o cinto, finalmente conségueo e báixalle o pantalón do traxe nun movemento rápido e case violento. Non pode menos que botar unha encantadora gargallada ó ver os calzóns de Ramón, brancos, frouxos e estampados con coelliños de varias cores.

Tralo breve momento de dispersión Alex volve ó que tiña entre mans. Argalla un momento nos calzóns e comeza a mover a cabeza, constante, adiante e atrás, adiante e atrás... Ramón mantense mirando para o público, tranquilo, gozando sosegadamente da mamada.

(un pouco despois)

Alex incorpórase mentres agarra a Ramón pola gravata. Empúrroa e déitao na cama. Queda claro quen leva a iniciativa. Comeza a quitarlle a roupa, ata que queda completamente espido. Colócase enriba del, quita o sostén habilmente e despraza a braga para un dos lados. Alex guía a Ramón cara os seus adentros. Danos as costas, que costas!

(o plano é longo e non deixa apreciar moito máis que case nada)

Fan o amor por un tempo, entregados, sen prexuizos...

(as luces escénicas descenden ata que os envolve a escuridade absoluta)

(soan aplausos)

[Inserto]

(ilumínase o escenario)

Nun fondo escuro aparece o taxista de pé, pétreo, mirando ó público.

(descenden as luces escénicas)

[Fin do inserto]

(ilumínase o escenario de novo)

É a mesma habitación unhas horas despois. Pola fiestra xa parece entrar algo de día, non moito.

Case todo está en silencio. Escóitáanse leves ronquidos que proveñen da cama. Só uns pequenos movementos dos corpos dan vida á escena.

Un anaco despois, Alex érguese e sitúase no medio do escenario. Os ronquidos continúan.

De xeito paciente e elegante comeza a vestirse... Introdúcese no vestido, abrocha a cremalleira (mirando para o público) e pon os zapatos de tacón. Móvese en dirección á porta que dá ó suposto baño. Prende a luz pero non se chega a ver moito, é unha porta pequena. Entra e amáñase un pouco.

Sae do baño e colle o bolso do sofá. Desprázase ó outro lado da habitación, mira pola ventá, mira para Ramón e despois sae pola porta principal. Ramón dorme.

CORTE A:

25. CORREDORES DO HOTEL. MADRUGADA.

Alex camiña polos corredores, que a esta hora están baleiros. É tarde, arredor das seis da mañá. Baixa as escaleiras, pasa por recepción e sae do Hotel Delfín. Non atopa a ninguén no seu camiño.

26. RÚAS DA CIDADE. MADRUGADA.

Para unha rapaza tan atractiva, camiñar soa por unha gran cidade ás seis da mañá non é o máis recomendable, pero Alex non ten medo. Ademais nesta zona os coches non deixan de circular.

Avanza sen mirar atrás, só vive dúas rúas máis adiante.

(acompañámola por un tempo, sen présa. É un deses momentos en que o avance dos segundos vai acumulando tensión)

Escóitase un ruído que se vai aproximando pouco a pouco. Un coche vello de cor gris situase ó seu lado. Diminúe a velocidade e avanza ó mesmo paso que Alex. Un home xa coñecido abre a ventá do coche automaticamente. O motorciño debe estar avariado porque renxe de carallo.

JON DOE:

(soberbio)

Ola, que hai nena?

Alex xira a cabeza timidamente.

ALEX:

(seria)

Cando saíches?

(soa música escura)

FUNDIDO A NEGRO:

O rostro dun home aparece reflectido na pantalla.

CAPÍTULO 4

"Os cans non tedes inferno"

27. NUN LUGAR ÁRIDO. AMENCER.

Hoxe vai unha boa mañá. O sol, preguiceiro, non quenta demasiado. O ceo está bastante despexado, un avión desprázase lentamente de esquerda a dereita, deixando o seu rastro. Vai algo de vento, non moito. A paisaxe é suxerinte, malia ser bastante sinxela dá gusto mirar cara o horizonte.

O lugar no que nos atopamos é moi árido, un sitio extremadamente inhóspito, que nin tan sequera posúe vías de comunicación aparentes. Ten pouca vexetación, semella que aquí só se dan matos e malas herbas.

Este escenario baldío e moribundo permite outear bastante ó lonxe. Algunha árbore poida que haxa... de feito alí ó lonxe hai unha, unha árbore vella, escarranchada... Parece que hai algo máis! aquela semella unha zona habitada!

28. DIANTE DUNHA ROULOTTE. AMENCER.

Un VELLO mal amañado permanece escarranchado nun desgastado sofá de cor viño. Está fóra, ó aire libre. Viste un pantalón escuro que suxeita cuns clásicos tirantes e unha camiseta sen mangas chea de merda. Ten unha desaliñada barba de varios días.

Detrás hai unha vella *roulotte*, unha caravana cargada de remendos. Ten a porta un chisco entreaberta, desas que teñen parte de arriba e parte de abaixo, coñecidas como portas de poxigo.

Moi preto, nun pequeno tendal de factura caseira, colgan calzóns limpos e peles de coello a partes iguais. O vento móveos lixeiramente.

O lugar non está moi organizado, hai moitas cousas vellas tiradas polo chan. Todo alí ten pouco xeito.

O vello, pensativo, mira continuamente cara o horizonte. Ten a mirada perdida, déixase levar.

Pousado enriba das pernas ten un rifle con mira telescópica. Dedícase a limpalo con calma. Trátase dun fermoso Winchester Modelo 1894 de calibre .30-30, un espectacular fusil de caza!

O seu CAN ROBERTO descansa acougado (está un pouco lonxe do vello e un chisco atrasado, a uns seis metros del pola dereita. Para poderéense ver entre eles o vello debe xirarse uns 120 grados). Roberto é un can grande de cruce, un can vello e desganado.

VELLO:

(fala pensando o que di, con voz gastada e longas pausas entre falacia e falacia)

Vou ter que pegarche un tiro!

Xa es un can vello, case non te moves.

O vello colle unha bala dunha pequena caixa de cartón que está pousada no chan. Xusto ó pé hai un caldeiro cheo de viño. Disponse a cargar a arma. Prepara o rifle e introduce a munición.

VELLO:

Botas todo o día no mesmo sitio.

(argalla no rifle)

Xusto ó lado do can hai un recipiente metálico moi porco, cheo de carne, a rebentar de comida!

VELLO:

Non comes nada.

(o can mira para a comida, pero non ten intención de probar bocado)

Un día destes vas enfermar.

O vello colle máis munición e cárgaa. Xa lle chega. Debe pensar que xa ten dabondo para o seu propósito. Monta a arma.

VELLO:

Aquí non hai quen te poida curar.

(tose)

Se enfermases... eu non sabería que facerche.

...

Quéroche ben...

...

Non te quero ver enfermo.

Incorpórase un pouco e ármase. Colócase ben e apunta cara o horizonte, ollando pola mira telescópica.

O vello ten unha cara sufrida de carallo.

Pecha o ollo dereito, mira polo esquerdo. Semella todo un profesional.

(continúa a falar)

VELLO:

Vouche ter que pegar un tiro...

(reafirmándose coa cabeza)

Un tiro na cabeza e acabouse.

O can permanece tranquilo, deitado, escoitando o que lle conta o seu amo. Parece entender e aceptar todo o que el lle di.

O vello continua coa vista fixa no horizonte, observando.

29. POLA MIRA TELESCÓPICA. DÍA.

Non parece haber máis que terra seca e malas herbas, mais el continúa buscando. Quen sabe o que busca? Quizais coellos ou tal vez outra cousa, por aquí non debe haber máis que coellos, serpes, corvos e algún que outro pibardo imprudente.

30. DIANTE DA *ROULOTTE*. DÍA.

VELLO:

Os cans non tedes inferno...

Ides todos para o mesmo sitio.

...

Os cans non sodes malos de todo, sodes fieis...

(xírase, mira para el e volve á posición inicial)

Sodes boa xente...

(cuspe no chan coma se lle dese noxo o que acaba de dicir)

Roberto levanta as orellas, coma se entendese todo o que lle di o seu amo.

VELLO:

Agora estás medio ben, eh?

Pois para o outro barrio hai que irse cando un está ben.

É triste morrer de vello, morrer feito un trapo, sufrindo...

Ogallá a min me pegasen un tiro!

...

Síntete afortunado, a naide lle gusta sufrir.

(pensativo)

O can ergue a cabeza, mira para el e deseguida volve baixala. Roberto é un can pausado, un can de movementos lentos. Leal e pacífico.

O vello baixa o rifle e volve á posición de descanso. Pensa por un pouco, mirando ó lonxe.

VELLO:

Mañá comezo a facerche un furado.

...

Vouche ir cavando un nicho.

Es ben grande... poida que me leve dous días.

(queda pensativo, coma aparvado nesta última frase)

O vello levanta a mirada e fíxase nunha árbore vella que hai a uns 300 metros. Despois mira para o can e rapidamente volve á árbore. Sinálaa co

dedo índice, en silencio, convencido de que aquel é o lugar axeitado. Finalmente volve á posición natural, sen quitar ollo daquel sitio, quizais pensando como levalo a cabo, como cavar semellante furado.

Roberto, deitado coa cabeza pegada ó chan, está atento a todo canto fai e di o seu amo. De cando en vez o can ergue a cella do ollo dereito, prestando atención, como se entendese todo o que lle di e o tivese totalmente asumido.

A situación é tranquila. Roberto é un deses cans que nunca che fallan, un amigo que sempre estivo aí, nas boas e nas malas.

Pouco despois o vello incorpórase un chisco, lentamente, coa mirada fixa nalgún punto do horizonte. Colle o rifle de novo. Agora semella que viu algo!

31. POLA MIRA TELESCÓPICA. DÍA.

Efectivamente! Viu algo! Un coello grande e gris! O vello está de sorte: un coello ben mantido e seguramente moi saboroso! O animal móstrase tranquilo, confiado, roendo con parsimonia nas escasas herbas que atopa aquí e alá.

O vello asexuado, buscando unha boa posición de disparo. Sen présa algunha, leva o dedo índice ó gatilho, paseniño... Parece unha presa fácil, pero mellor non precipitarse, hai que esperar o momento axeitado. Xa non ten a puntería que de cando era novo, pero o coello roe tranquilo así que ten tempo a decidirse.

A presión do dedo sobre gatilho vai aumentando...

BANG!!!

(soa un disparo que enche por completo a escena)

O vello baixa o rifle e fai saltar o casquiño ó cargar a seguinte bala.

32. DIANTE DA *ROULOTTE*. DÍA.

Agora está mirando cara onde estaba o coello, empregando unicamente os seus cansados ollos. O can tamén observa. Entre eles parece que hai unha curiosa sintonía.

33. POLA MIRA TELESCÓPICA. DÍA.

O coello aínda está vivo, non o matou, non está claro se lle deu ou non, pero o caso é que non o matou. Pode que malferido, o animal agóchase entre os matos.

34. DIANTE DA *ROULOTTE*. DÍA.

O vello segue espreitando por se lle dese por saír do seu acocho, pero finalmente desiste. Volve a sentarse comodamente, vézelle un pouco frustrado.

VELLO:

Ese librou...

(quédase pensativo, como se xa non lle impórtase moito)

O vello colle unha cunca, non moi limpa, que tiña no chan, deslízaa polo interior do caldeiro, énchea de viño e álzaa ata os beizos. Bebe tranquilo. Roberto ergue o cello e vólveo baixar, nun deses típicos movementos espontáneos dos cans que soben e baixan o cello. A Roberto tamén lle gusta o viño.

O vello pousa a cunca e volve a poñerse en posición de caza. Achega o ollo esquerdo á mira telescópica pero non ve máis que maleza en movemento. Volve á posición natural. Era só outra tentativa.

Ós poucos segundos parécelle volver a observar algo! Colle o rifle de novo e asexo pola mira.

35. POLA MIRA TELESCÓPICA. DÍA.

(plano secuencia)

A uns 643 metros da *roulotte*, alá no fondo, un vehículo avanza polo árido solar. Circula por un pequeno camiño que se abre entre o monte baixo. É un coñecido coche de cor gris!

Non é habitual ver un coche circulando por estes lares e, loxicamente, o vello non lle quita ollo, estrañado. A irrupción do intruso despertou o seu interese, pouco lle chista que rachen coa súa rutina, e así o reflicte o seu rostro. O vello é un tipo peculiar, capaz de expresarse sen articular palabra.

O coche avanza levantando unha gran poeira ó seu paso, mais non tarda moito en deterse. Durante un pouco o vehículo permanece parado non moi lonxe dunha vella árbore, non se aprecia movemento algún.

Ó fin Jon Doe sae do coche. Semella tranquilo. Dá unha pequena volta controlando o terreo ata que se aproxima de novo ó vehículo. Ergue a mirada... báixaa... Inmediatamente despois abre a porta do maleteiro.

Sen moito reparo, colle e arrastra para o chan... un corpo humano! Trátase dunha muller e está viva! Déixaa alí tirada e saca tamén unha pa do maleteiro, que segue aberto. Deseguido, camiña uns poucos metros en dirección á árbore.

(a mira telescópica é bastante pechada de plano e non deixa ver todo o que está pasando)

O vello non ten máis remedio que andar apuntando dun lado ó outro constantemente.

Mantense por un pouco observando o corpo da muller. Viste elegantemente, mais está un chisco desamañada. Ten as mans atadas ás costas e unha mordaza que lle impide berrar. É unha muller atractiva, de fermosos peitos que recoñecemos.

Agora a súa atención céntrase no tipo. Alí, moi cerca da árbore, Jon Doe cava decidido unha boa fosa. O vello non dá creto ó que ven os seus ollos.

36. DIANTE DA *ROULOTTE*. DÍA.

O vello baixa a arma e mira para Roberto con cara de asombro, como se o can lle fose a dar algunha explicación do que está a pasar. Volve ó rifle.

37. MIRA TELESCÓPICA. DÍA.

Bota un par de miradas rápidas a ámbalas situacións e volve baixar a arma. Jon Doe segue cavando con decisión mentres a muller segue tirada no chan sen apenas moverse.

38. DIANTE DA *ROULOTTE*. DÍA.

Tras meditar uns intres o vello agáchase por outras dúas balas e recarga o rifle. Incorpórase de novo e mantense ó asexo.

39. MIRA TELESCÓPICA. DÍA.

O home continúa a cavar sen descanso. Cada pouco xira a cabeza cara a muller. Non se aprecia moito pero pódese intuír que lle está dicindo algo. Ela está malamente apoiada contra o coche.

O vello móstrase axitado. Os individuos están moi lonxe como para velos ben a simple vista, pero a mira telescópica non lle permite atender ás dúas situacións ó mesmo tempo. Non lle queda outra que apuntar dun lado a outro continuamente.

(neste punto, sobre o plano da mira telescópica, uns subtítulos móstranse na pantalla ligados a esa conversa muda, quizais imaxinada polo vello)

A muller móstrase inqueda e nerviosa en todo momento. A situación vaise alterando, parece que se está poñendo dura (a situación).

Alex aproveita para tentar librarse da atadura que a mantén inútil mentres Jon Doe cava obstinadamente. Non o consegue, pero a pouco que o intentou logrou poñerse en pé.

Ó vello case non lle dá tempo para mirar dun lugar ó outro.

Alex comeza a correr caladamente, mirando atrás case continuamente pero sen deixar de avanzar.

Cada vez máis rápido! Desesperadamente!

Jon Doe non tarda en decatarse do que está a suceder. Deixa de cavar e observa pacientemente sen darlle moita importancia, incluso sorrí. Avanza con pasos lentos ata o coche e colle o que parece unha pistola.

Amartela a arma, sitúase diante do vehículo e levanta a man lentamente, apuntando cara Alex.

O vello non dá feito. Xa non sabe a onde mirar nin a onde apuntar. Alex segue correndo a todo canto dá. Jon Doe permanece coa pistola erguida, apuntando tranquilamente, co dedo firme no gatillo. O vello tamén achega o dedo ó gatillo... aperta cada vez máis. A muller avanza no límite das súas forzas! Jon Doe segue apuntando! O vello tamén! Alex vai dando tombos! Roberto observa...

40. HORIZONTE DO ÁRIDO SOLAR. DÍA.

BANG!!!

Outro disparo de gran intensidade retumba no horizonte. O seu eco resoa por un amplo lapso de tempo.

(todo queda en calma)

41. DIANTE DA *ROULOTTE*. DÍA.

O vello segue apuntando, pero acaba por baixar o rifle. Fica pensativo, mirando ó lonxe.

Descarga o casquiño de munición gastado.

Con curiosidade, volve a subir o rifle e observa.

42. POLA MIRA TELESCÓPICA. DÍA.

O home está aínda de pé, coa man no estómago, esmorecido e descolocado, sen entender nada do que acaba de acontecer.

Cae deitado no chan. O proxectil alcanzouno, pero non foi dabondo como para matalo instantaneamente. Sofre espasmos e perde moito sangue: parece un coello malferido. Pouco lle pode quedar para marchar camiño do inferno.

Do outro lado, bastante afastada, a muller atópase tirada no chan. Móvese un pouco, tamén parece ferida!

43. DIANTE DA *ROULOTTE*. DÍA.

O vello continúa mirando. Debe estar pensando que carallo facer agora. Carga outra bala. Segue pensando.

44. POLA MIRA TELESCÓPICA. DÍA.

Levanta o rifle para ver como segue a acción. Todo continúa de forma semellante; Jon Doe desángrase lentamente e a muller móvese freneticamente (Jon Doe atinoulle na perna pero non parece unha ferida grave). Alex intenta liberarse, pero está fodida, non pode desfacerse das ataduras que a aprisionan.

45. DIANTE DA ROULOTTE. DÍA.

O vello baixa o rifle e permanece pensativo un intre. Pouco despois érguese. Camiña cara a *roulotte* e entra.

(soa unha base musical)

46. INTERIOR DA ROULOTTE. DÍA.

O interior da caravana é un tanto “especial”. Consta dun único espazo, cunha cama de matrimonio como elemento protagonista. Está chea de cacharros e alfaremes por todas partes e luces íntimas ambientan a estancia. A desorganización e o desorde son totais, algo fóra do normal.

O vello busca algo. Non hai moita luz. Pouco máis que sombras e perfís iluminados se poden ver. Anda a remexer entre as cousas. Polo ruído que fai parece que anda buscando entre a roupa, nos caixóns dun moble.

CORTE A:

47. CAMIÑANDO POLO ÁRIDO SOLAR. DÍA.

(continúa a base musical anterior)

Entón é cando vemos como esa “cousa” camiña constante polo terreo, decidido. Figura algo así como un "HOMECOELLO": unha especie de híbrido que mistura corpo persoa e cabeza de coello.

Chama a atención esa careta feita con peles reais que dá a impresión de ser unha xigantesca cabeza de coello. Trátase de algo tremendamente peculiar, aínda que non sexa ningunha obra de arte.

Esa “cousa” camiña amodo, sen mirar atrás. Non fai falla ser moi intelixente para saber que se trata do vello. Vai coa mesma camiseta de tirantes chea de merda e nunha das mans leva o rifle Winchester de caza. Na outra nada leva.

"É entón, como da vida á morte, cando todo nos vai
levando pacientemente dun lugar a outro..."

48. BUTACAS DO TEATRO. NOITE.

O público permanece sentado nas butacas, inexpresivo. Está á espera de que o espectáculo continúe.

49. ESCENARIO TEATRAL. ILUMINADO.

No medio do escenario atópase un home ben amañado, tirando a maior. É un experimentado PRESENTADOR de *Tv-Shows*, deses que te enganchan coa palabra.

A iluminación provén dun canón de luz, esa que é circular e exclusiva, que apunta para o suxeito protagonista en todo momento.

O presentador diríxese ó público. Míranos fixamente.

PRESENTADOR:

(di algo que non ten nada que ver co conto)

O presentador levanta o brazo sinalando a entrada do escenario. Logo abandona o foco de luz, quedando nun segundo plano. Por un dos lados entra o taxista, paseniño.

A sala está completamente en silencio. Escóitanse ben os pasos que vai dando.

Na man porta a pequena maleta marela e no peito unha etiqueta que leva escrito o número 57.

Avanza ata o centro do escenario e sitúase en primeiro plano. Alí párase e pousa o maletín no chan.

Permanece á espera.

Daquela...

[Animación]

Unha columna de MENU animada aparece na parte lateral da pantalla, transparente na maior parte. Na parte superior do menú pódese ler DHOGS. Todo o que antes aparecía no escenario continúa a verse nun segundo plano.

Hai moitas opcións e alguén se despraza dun lado a outro, como querendo escoller unha delas.

Nun lugar principal do menú hai un título seleccionado que di SHOW. Enriba hai unha pestana co debuxo dunha chave inglesa que debe ligar ós axustes principais e na parte baixa aparece un TO CLOSE.

Da columna do menú desprégase cara o centro da pantalla un pequeno submenú que ofrece opcións do tipo:

MUSIC, ABSURD, DANCE, ART, COMEDY, CIRCUS, THEATRE, PORN...

Algunhas delas están inhabilitadas (móstranse en gris). Hai máis opcións que aparecen en horizontal segundo se van requirindo.

Polo resto do menú sitúanse simetricamente outras pestanas, que parecen definir os parámetros acumulables. Unhas están baleiras e outras teñen contido. Pódese ler: DRUG, MONEY, SOCIAL, SEX, JOB, LIFE...

CORTE A:

50. SALÓN DUNHA CASA CALQUERA. ESCURO.

Aquel reflexo dun home, que foi aparecendo de cando en vez durante toda a historia, amósase agora de carne e óso sentado preguiceiro nun tresillo de gama media. É un típico sofá do Ikea, un moble sen alma. Está sentado diante dunha televisión, un aparato, neste caso, con alma negativa.

A habitación é escura e a iluminación da pantalla é o único que incide nel.

Na man ten un mando a distancia equipado cun sinxelo panel táctil polo que desliza o dedo polgar.

A roda do submenú móvese. O home reflectido está decidindo aínda en cal das opcións situarse. Finalmente escolle unha delas.

(non se chega a observar cal foi a opción elixida)

CORTE A:

51. ESCENARIO TEATRAL. NOITE.

O taxista, que estaba no medio do escenario, agáchase e abre o maletín pacientemente. Colle algo e vísteo, pero non se pode ver que demo é. Este proceso lévalle un bo anaco.

O público permanece atento. Non lle quita ollo de enriba.

Ó fin, o home érguese e comeza a soar unha melodía namentres sae fume a esgalla dos laterais e do fondo do escenario. Está de costas e leva posta unha vestimenta branca e ben cinguida.

(a melodía segue constante, coma nun pequeno bucle)

Soan entón os primeiros acordes de guitarra que dan comezo á canción. Daquela, o taxista xírase e, micrófono en man, todo se ilumina maxestosamente dando comezo ó espectáculo.

- ESPECTÁCULO -

Desenvólvese un puro espectáculo musical de show televisivo contemporáneo. Unha chaladura bufonesca chea de extravagancia. Arte ou ridículo?

A actuación remata. O taxista descansa, axitado despois do esforzo. O público mantense á espera, petrificado.

[Animación]

Aparecen na pantalla dúas imaxes seleccionables: MAN PULGAR CARA ARRIBA e MAN PULGAR CARA ABAIXO.

O público agarda. O taxista tamén.

O home reflectido selecciona: MAN PULGAR CARA ARRIBA.

52. BUTACAS DUN TEATRO. NOITE.

O público aplaude fervorosamente, sen parar. Algúns deles incluso se erguen, emocionados, das butacas.

O taxista sorrí e alza as dúas mans xuntas, vitorioso, enchido de orgullo e satisfacción.

(son xestos de gran expresividade)

[Animación]

Acto seguido, o home do tresillo fai saltar de novo a columna do menú. Selecciona: TO CLOSE. A pantalla cambia a un menú SLIDE con moita variedade de escenas onde escoller.

Desprázase por eles velozmente, buscando un en especial. Pouco despois párase, parece que atopou o que quería: DÍAS DE MORGAN. Selecciónao e preme nesa opción.

CORTE A:

CAPÍTULO 5

"Días de Morgan"

53. ÁRIDO SOLAR, LUGAR DO CRIME. DÍA.

Volvemos a estar no árido solar. Jon Doe dispara a súa arma. El tamén recibe un disparo.

Está preto do coche, a uns 300 metros de Alex. Incrédulo leva a man ó estómago e retíraa completamente enchoupada en sangue. Mira cara a muller, como buscando unha explicación para o que acababa de suceder. Ó pouco derrúbase. Perde moito sangue, a este ritmo pouco lle pode quedar. Trata de moverse, coma se intentase facer algo para mellorar a situación. Ten que estar padecendo de moito carallo!

A muller está tirada no chan. O disparo de Jon Doe alcanzouna nunha perna e, malia que non parece moi grave, mantena parcialmente impedida. Ademais ó caer quedou nunha postura incómoda e resúltalle imposible erguerse sen empregar as mans. Presa do pánico, móvese a tódolos xeitos tratando de liberarse das cordas que a amarran. Para ela Jon Doe segue aí de pé, apuntándoa, gozando deses segundos previos a un segundo disparo que remate a faena.

Pero é inútil. Tras intentalo con todas as súas forzas, desiste. Está esgotada. Só quere que todo acabe dunha vez. Segue deitada no chan, boca abaixo, respirando tan forte como llo permite a mordaza. Pecha os ollos e espera. Mais nada ocorre.

Estrañada, xira a cabeza cara o coche, Jon Doe está tirado no chan, ca pistola ó seu carón, parece gravemente ferido. Alex respira aliviada, recuperando folgos. Non ten idea do que aconteceu pero por fin parece que

a sorte comeza a cambiar. Intenta soltarse de novo, pero segue firmemente amarrada e só consegue incorporarse levemente antes de volver a caer. Desta vez quedou mirando cara o outro lado. Entorna os ollos. Ao lonxe parece distinguirse algo...

Unha cousa estraña achégase pausadamente, analizando a situación, desconfiada. É un becho raro: unha besta con corpo de persoa e cabeza de coello. Entre as mans leva un rifle.

Alex xa o ve con maior nitidez. Non dá crédito do que está a pasar!

O vello, convertido en becho, camiña paseniño e pouco a pouco vai reducindo o paso, observando. O home aínda podería resultar perigoso e decide achegarse primeiro a el.

Jon Doe aínda está consciente. Fai ese tipo de ruído corporal de cando che disparan. Intenta dicir algo, pero ten a boca chea de sangue e resúltalle case imposible articular palabra. Non se lle entende un carallo!

Quedou feito un cristo!

Realmente non lle sentou moi ben o tiro. Coa man intenta taponar a ferida e frear a hemorraxia, pero a sangue segue brotando en abundancia. Un disparo no estómago non te mata ó momento, han de pasar longos minutos de enorme sufrimento antes de morrer desangrado. Están no medio de ningures. El sabe que non ten amaño, que é só cuestión de tempo.

O becho fíxase na ferida do home. Dende logo apuntoulle ben. A pistola segue no chan, bastante preto. Dálle unha patada e mándaa ben lonxe. Nunca se sabe, mellor ser precavidos. Jon Doe nin conta se dera, está en total estado de *shock*.

A irrupción do becho non parece tranquilizar a Alex, que comeza a debaterse de novo.

[Insero]

O pequeno Tedi pasa páxina.

[Fin inserto]

Debe rematalo. Nestes casos o protocolo do cazador di que o animal non debe sufrir, e así vai ser. Paseniño, sitúase diante do home e apúntalle directamente á fronte. Non hai máis de 50 centímetros entre canón e cabeza. O home, afogado en pánico e sangue, balbuce como querendo dicir algo pero apenas se lle entende.

VELLO:

(cunha voz fría e penetrante)

Aquí non hai quen poida curarte...

Tras pensalo máis ben pouco, dispara!

BANG!!

Caput! O home desgraciadamente perece. Está morto, finito, xa vai camiño do inferno.

[Insero]

O público permanece atento nas butacas do teatro.

[Fin do inserto]

A muller quedou inmóbil, xa non berra, só treme un pouco. É un momento de incerteza no que non se sabe o que pode chegar a pasar.

O becho colle ó morto polos pés e lévao con dificultade ó foso, arrastrándoo como se fose un gran saco de patacas. Agarra a pa e comeza a botarlle terra por riba. A muller intenta ver algo, pero segue na mesma postura incómoda e non dá visto ben o que ocorre.

Ó pouco, o homecoello crava a pa no chan e centra a súa atención na muller. Aproxímase a ela, amodiño, co rifle baixado. A muller intenta seguilo coa mirada, pero non ten unha gran perspectiva.

O vello chega a onda ela, dálle unha volta, míraa ben. Despois fica por detrás, colle un pano do peto e intenta taponarlle a ferida. Ela non se resiste. O becho continúa premendo na ferida, mais tamén mirando para Alex. Goza con ese corpo tan ben feitiño que algún Deus lle regalou.

[Animación]

Entón, mentres isto sucede, o MENU retorna á pantalla. Unha sucesión de pestanas mostran as diferentes opcións:

SHOW, ADULT, ACTION, COMEDY, DRAMA, HORROR,
ROMANCE...

CORTE A:

54. SALÓN DUNHA CASA CALQUERA. ESCURO.

O home reflectido, indeciso, desprázase polo menú. Finalmente sitúase enriba de ACTION. Desprégase un submenú que mostra outra serie de accións pero a distancia que nos separa da pantalla é demasiada para poder descifralas.

[Insero]

O público mantense expectante, pero reacciona dunha maneira ou outra segundo se sitúa nas diferentes opcións.

Agora o home vaga no submenú de ADULT. Segue sen apreciarse cales son as novas opcións. O público parece sentirse a gusto con esta elección.

[Fin inserto]

O home decide e a acción continúa.

CORTE A:

55. ÁRIDO SOLAR. DÍA.

O vello está xusto enriba das pernas de Alex. Xa sabemos que ten unhas longas e atractivas pernas, as máis perfectas que nunca se viron. O vestido que leva é curto, pero non deixa ver dabondo. O vello, valéndose do rifle, levántalle un pouco máis o vestido. Precisa ver algo máis, algo dese cu, esa curva que fai tolear...

A muller revólvese no límite da desesperación e intenta berrar, pero a mordaza impídello. O vello aferrolla o rifle, o casquiño salta polos aires e cae ó chan. Non precisa dicir máis nada.

A respiración do becho soa un chisco amplificada, gutural, un efecto estraño que se produce no interior da máscara.

Axeónllase e pousa o rifle no chan, lentamente. Eses ollos de coello non quitan a mirada do atraente corpo da rapaza.

Comeza a deslizar as mans polos nocellos mentres aumenta o ritmo da respiración. Soa perverso. Lentamente recorre esas longas pernas, déixase levar. Excitado, levanta a cabeza sen lugar algún a onde mirar.

A muller derrama unha sufrida bágoa, intenta falar, pero esa mordaza impídelle expresarse como ela quixera. Está rendida. Con todo o que leva enriba non lle quedan folgos para seguir pelexando. O camiño para o becho resulta sinxelo.

CORTE A:

56. SOFÁ DO HOME REFLECTIDO. ESCURO.

Primeiro plano da pervertida mirada do home reflectido. Na estancia escóitanse sons de sufrimento, mesturados con desacougantes gruñidos de pracer, que proveñen da televisión. Nada máis se ve.

CORTE A:

57. BUTACAS DO TEATRO. ESCURO.

O público observa coa boca aberta, pampo. Simplemente vemos as caras dos espectadores. En xeral son caras que gozan, caras perversas e terroríficas de homes obsesivos que se corrompen.

(soan berros)

FUNDIDO A UN INEXPLICABLE NEGRO VIDROSO:

Un ELEVADO NÚMERO DE ROSTROS aparecen rapidamente reflectidos na pantalla.

CORTE A:

58. ÁRIDO SOLAR... NO TEATRO. DÍA.

(soa unha suave e inquietante base musical)

O vello está sentado no sofá de marras, coa careta de coello posta, tratando de relaxarse. Acto seguido quita a careta. Aínda ten suor recorréndolle a pel.

Fica pensativo. Non quedou tranquilo. Colle de novo o seu vello rifle Winchester e volve a controlar pola mira (apuntando ó público). A curiosidade mata.

59. POLA MIRA TELESCÓPICA. DÍA.

A muller segue tirada no chan. Parece que non se move, quizais perdeu o coñecemento. O vello bota unha ollada pola zona. Todo en orde. Volve a baixar o rifle.

60. DIANTE DA *ROULOTTE*... NO TEATRO. DÍA.

VELLO:

(dirixíndose a Roberto)

Oíches Roberto!

...

Vamos esperar uns días, tampouco estás tan mal.

...

Vamos esperar...

(permanece en silencio)

Roberto non se pronuncia en exceso, só levanta o cello un pouco. El é o can e está por e para o que diga o seu dono.

Agora come do pote cheo de carne de coello. Parece que desta volta si que lle merece a pena comer. Bebe tamén algo de viño que agarda por el noutro pote similar.

O vello continúa curioso e volve a subir o rifle.

CORTE A:

EPÍLOGO

"DHOGS"

61. ZONA DO CRIME. DÍA.

A muller comeza a reaccionar, lentamente e con movementos inseguros trata de incorporarse. Semella que por fin está libre de ataduras.

[Animación]

No lateral da pantalla ábrese o MENU. Alguén se despraza habilmente polas diferentes opcións sen case deixarnos ver cal é a seguinte selección. Un experto controla o mando.

[Fin animación]

Alex érguese feita un cristo e desorientada. Non sabe que facer. Permanece queda por uns intres, tratando de poñer en orde os seus pensamentos, como se acabase de espertar dun horrible pesadelo do que non ten claros todos os detalles. Mira ó seu redor, todo está baleiro, tranquilo. Finalmente fixa a súa mirada no coche, parece que empeza a recordar...

CORTE A:

62. POLA ESTRADA... NO TEATRO. DÍA.

(silencio absoluto)

O coche circula a certa velocidade pola estrada comarcal. No seu interior, a muller colle un cigarro. Vai nerviosa, cunha cara cansa de sufrir, non sabe

se chorar, se berrar... Con dificultade, preme o chisqueiro do automóbil sen apartar a mirada do asfalto.

As últimas horas foron terribles para Alex. Pensou na morte en varias ocasións e incluso rezou por ela. Agora só busca descanso.

Salta o chisqueiro e acende o cigarro.

O indicador da reserva de combustible acéndese intermitente.

CORTE A:

63. INTERIOR DA TENDA DA GASOLINEIRA. DÍA.

O coche gris achégase, en sentido contrario, aparca a poucos centímetros do surtidoiro. Amalia, para variar, está mirando pola ventá. O pequeno Tedi segue no mostrador.

Alex sae do coche e camiña ata o interior da tenda.

ALEX:

(axitada e compunxida)

O baño?

Tedi e Amalia non lle quitan ollo. Mantéñense silenciosos sen dar resposta.

64. INTERIOR DO BAÑO DA GASOLINEIRA. DÍA.

Diante do espello do lavabo Alex refrega a cara con grandes e fríos chorros de auga. Intenta, dalgún xeito, borrar do rostro a angustia acumulada.

65. INTERIOR DA GASOLINEIRA. DÍA.

Os pés da vella camiñan lentamente. Abre a porta que dá ó exterior e fica parada ó pé das molduras.

Tedi mira para a nai, pensativo, como dicindo: "a onde vai esta?".

66. INTERIOR DO BAÑO DA GASOLINEIRA. DÍA.

Alex segue diante do espello, enchoupando a cara. De fóra parecen provir uns ruídos secos que se van facendo cada vez máis audibles, semellan pasos que se aproximan titubeantes. Incorpórase lentamente, mirando para a porta. Unhas sombras tapan a luz exterior que se filtra por baixo.

[Insero]

Primeiro plano deses ollos malévolos do home reflectido. Coa man móvese áxil polo mando a distancia.

[Fin inserto]

(a cámara achégase ata un primeirísimo plano da pechadura)

Escóitase como se introduce unha chave lentamente: a cara de Alex é de total estupor. O pasador deslízase suavemente pechando a porta por completo.

A cara de angustia torna en ansiedade, nunha enorme desesperación interior. Mira para o espello tratando de acougarse e controlar a súa respiración. Xa está ata os collóns de tanta carallada.

CORTE A:

67. SOFÁ DO HOME REFLECTIDO. ESCURO.

O home reflectido permanece no sofá.

Soa o telefono.

Xírase un pouco e érguese con apreciable preguiza. O sofá queda baleiro.

HOME REFLECTIDO:

(tan só se escoita a súa voz, unha voz escura)

Si.

Si si si!

50 o pequeno, 90 polo grande.

...

(fala apresurado, con impaciencia)

Eh?

Non, non...

Vale... vale, vale!

45 da Avenida Cadavario.

Paralela a Anxel Fole.

...

CORTE A:

68. INTERIOR DO BAÑO DA GASOLINEIRA. DÍA.

Alex está coma nun bucle, agardando, respirando...

CORTE A:

69. INTERIOR DA GASOLINEIRA. DÍA

Tedi e a súa nai tamén están nun bucle. Agardando, respirando...

CORTE A:

70. ÁRIDO SOLAR. DÍA.

O vello e Roberto tamén permanecen en *stand by*, respirando...

CORTE A:

71. INTERIOR DO TAXI. DÍA.

José de la Cruz mantense pegado ó volante. Respira, alegre, pensativo...

CORTE A:

72. INTERIOR DA HABITACIÓN DO HOTEL. DÍA.

Ramón continúa a durmir tranquilo. Tamén no seu bucle. Na parte superior da pantalla obsérvase o típico símbolo dunha batería, coa animación típica de estar a recargarse.

CORTE A:

"Poida que todos estean agardando coma se fosen máquinas humanas. Almas dominadas que se manteñen á espera dunha orde. De continuar nesa vida na que uns gobernan e outros son gobernados a traizón. Como a vida mesma. Nada novo."

73. TELEVISIÓN DO HOME REFLECTIDO.

Na televisión todo quedou pausado. Ó fondo o home reflectido continúa falando. Na pantalla, con letras grandes, salta unha mensaxe: LOG OUT, unha acción automática para que a vida nese mundo non cese.

(vese unha conta atrás para a desconexión que comeza en 10)

Por un momento o home titubea na súa conversa telefónica, semella ser consciente de que a conta atrás está en marcha.

HOME REFLECTIDO:

...

Ehh... Como?

Si, si, si

74. SOFÁ DO HOME REFLECTIDO. ESCURO.

O home continúa a conversación apuradamente. De fondo, na televisión, restan poucos segundos para o LOG OUT.

HOME REFLECTIDO:

Tamén, tamén!

Si si, 50!

Non, non hai.

Se quere mañ... si, si!

...

No...

Na pantalla salta un texto que di: OBSERVER MODE.

Vale, vale! Hasta logo!

CORTE A:

75. SALÓN DA CASA DA FAMILIA ACOMODADA. DÍA.

O pequeno de 12 anos está sentado no sofá, tal e como o deixáramos, está comezando a comer o bocadillo mentres mira case sen pestanexar para un escenario televisivo. O seu rostro mostra un pequeno aceno de benestar. Na man leva un deses mandos. Acaba de conectarse, móstrase un LOG IN na pantalla.

Na parte lateral emerxe ese coñecido MENU. Ten tantas opcións que dificilmente nos dá tempo de fixarnos en todo. Deixámonos levar pola parte máis rechamante: un menú animado no que o neno anda a argallar.

Por detrás do menú, Alex semella en pausa, respirando, dentro do bucle, agardando...

Na parte alta lese en letras grandes: ACTION. Nun brazo depregable, que se abre cara o centro da pantalla, aparecen as diferentes opcións do submenú. A duras penas se pode ler algo.

Móvese por ese submenú, moito máis amodo do que o facía o home reflectido. Finalmente quédase parado nunha que di: REVENGE. Selecciónaa. O menú esvaece e o seguinte texto aparece nun pequeno flash no centro da pantalla, en xigante:

REVENGE THE WOMAN

Yes No

[Insero]

O público mantense á espera.

[Fin inserto]

76. CORREDORES DA CASA. DÍA.

O corpo dunha muller (a nai) móvese polo corredor. O plano non deixa ver máis que o corpo, privándonos do rostro. Leva un vestido primaveral de coloridos estampados. Camiña ata o salón onde está o neno.

Dende a porta.

NAI:

Que? Gústache?

(menéase un chisco para facer ver o vestido)

O neno xira a cara e afirma levemente.

NENO:

Gusta!

Vólvese de novo, apurado.

REVENGE THE WOMAN

Yes No

CORTE A:

77. BUTACAS DO TEATRO. ESCURO.

O público mantense expectante.

CORTE A:

78. ESTANCIA DO HOME REFLECTIDO. ESCURO.

O home reflectido permanece de pé, detrás do sofá. Mira para a pantalla expectante. Non se move. Respira. A indicación de OBSERVER (cun símbolo dun ollo) aparece agora constantemente na esquina superior dereita do seu televisor. Un café fumeante permanece na súa man á espera de ser bebido. El xa nada pode facer.

79. NA TELEVISIÓN.

Na pantalla aquel REVENGE THE WOMAN actívase cun *Yes*. De fondo Alex reiníciase de novo.

CORTE A:

80. INTERIOR DO BAÑO DA GASOLINEIRA. DÍA.

A imaxe é ben parecida á deses videoxogos que se venden nos centros comerciais, deses de primeira persoa. O baño cambiou de cor, ten unha textura diferente. Os movementos son doutra articulación. Estamos metidos no corpo de Alex e simplemente podemos ver os seus coidados brazos a ambos lados da pantalla.

Xirámonos. No espello do baño podemos vernos reflectidos. En efecto, somos Alex! Temos a cara cansada, fermosa, pero cansada.

Do bolso, que está na repisa do baño, collemos unha pistola, aquela pistola de Jon Doe. Escóitanse eses artificiais sons de lata típicos dos videoxogos.

Nun abrir e pechar de ollos a pistola sitúase na man dereita de Alex. Ó mesmo tempo aparece no centro unha cruceta, o punto de mira.

Damos a volta, apuntamos á pechadura e...

BANG!

Camiñamos cara o interior da gasoleira. Amalia está descolocada, disparamos.

BANG, BANG!

Amalia cae abatida.

Tedi agóchase detrás dos estantes, disparamos.

BANG!

Non lle damos. Movémonos entre os estantes. Tedi logra escapar para a parte de atrás da tenda. Imos ata alí pero non vemos moito máis que a típica mercancía dun almacén. Unha porta traseira está aberta. Xiramos e saímos por onde entramos.

Dámoslle a volta á gasoleira... Velo aí está afanándose en poñer en marcha unha vella moto!

Apuntamos. A cruceta do noso punto de mira sitúase na súa fronte. Tedi fica petrificado.

O tempo parece deterse por uns intres. A pistola mantense firme. Parece que a Alex xa non lle treme o pulso. Tedi fica embobado, semella un deses animais que quedan paralizados na estrada antes de ser arrolados por un camión.

Finalmente baixamos a arma.

Por fin algo fai *click* na cabeza de Tedi, que leva a cabo un novo intento de acender a motocicleta. Conségueo! Arrinca a fume de carozo polo árido solar levantando unha gran poeira ó seu paso.

Sen reparar máis, camiñamos cara o coche. Os nosos pasos soan cunha artificial claridade.

Abrimos a porta do vehículo, sentámonos ó volante e arrincamos. A cara de Alex reflíctese no espello retrovisor, unha mirada confiada. Enfilamos a estrada comarcal atravesando unha vez máis esa desértica paisaxe só distorsionada pola silueta da gran urbe que emerxe do horizonte.

(sobre a pantalla)

LOADING...

CORTE A:

- CRÉDITOS -

CORTE A:

81. INT. ESCENARIO TEATRAL. ESCURO.

(sobre fondo negro, iluminación de espectáculo)

(os créditos continúan)

Entón é cando aparece aquel pequeno home de seguridade. Aquel que non facía máis que escoitar e asentir ó seu colega de choio. Aquel que case pasou desapercibido por esta película. Aquel que semellaba ter por único cometido na vida o de sentarse no sofá, beber cervexa e ver a televisión.

Vense nun primeirísimo plano eses ollos que miran intensamente cara a cámara.

(unha coñecida melodía comeza a soar)

A cámara abre plano lentamente e no peito obsérvase un carteliño co número 72.

Sobre a música e mirándonos fixamente, cunha mirada entrañable, a súa voz comeza a entoar unha coñecida canción.

(televisivos movementos de cámara)

CORTE A:

- CRÉDITOS TOTAIS -

*Este guión rematouse de escribir en Meira,
durante o mes de xullo do ano 2013.*

...

Todo sobre o proxecto en:

www.dhogsfilme.com